

PERFIL DO CONTRATANTE

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ESTEVESIÑOS", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2010, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ESTEVESIÑOS", financiada con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade local, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de abril de 2010, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 10 de maio de 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Vipeca, obras y servicios S.L., conforme á acta levantada para o efecto. Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Vipeca, obras y servicios S.L., por un importe de 78.619,02 euros (IVE e demais tributos incluídos).

Segundo.- Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante.

O alcalde,

José Luís Suárez Conde